A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

COMITÉ CIENTÍFICO
Enrique Barrera Beitia
Eliseo Fernández Fernández
Xosé Manuel Suárez
Manuela Santalla López

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

A represión en Culleredo: unha aproximación inicial

Carlos Pereira Martínez

Panorámica de Culleredo na II República

Os partidos políticos e o asociacionismo

Foi Culleredo un concello fortemente politizado na II^{a} República. Inicialmente, toma o poder o comité local da “Organización Republicana Gallega Autónoma” (ORGA), que copa, en maio de 1931, logo dun período de Xestoras, a totalidade da Corporación Municipal, aínda que, co tempo, logo do seu paso polo “Partido Republicano Gallego”, membros desta Corporación militarán no “Partido Republicano Radical”, outros no “Partido Nacional Republicano” e outros serán republicanos independentes. Funcionarán tamén un “Radio Comunista Comarcal” (Vilaboa-Rutis), con grande influencia no municipio, tres agrupacións parroquiais de “Izquierda Republicana” (Burgo, Celas e Sueiro), unha da “Unión Regional de Derechas” (CEDA) (Burgo), outra das “Juventudes de Acción Popular” (JAP) (Burgo), unha da “Juventud Socialista” (Burgo), unha do “Partido Radical-Socialista” (de ámbito municipal) e dúas do “Partido Agrario Español” (Culleredo e Orro).

Respecto das asociacións culturais, actuarán o “Ateneo de Rutis”, a máis importante, o “Club Obrero” (da Corveira, Rutis, vinculado ao PCE), o “Centro Cultural” do Burgo, a “Sociedad Recreativa e Instructiva Liceo de Sésamo”, a “Sociedad Recreativa e Instructiva de Culleredo”, o Ateneo Libertario “Campo Libre” (Almeiras) e o “Centro Cultural y recreo de la Juventud Católica” de Vilaboa (Rutis).

Existirán sindicatos agrarios da CNT en Culleredo, Almeiras, Castro e Laxe (Rutis), Sésamo, Celas de Peiro, Orro e Sueiro e un sindicato de “Campesinos y Oficios Varios” do Burgo e os seus arredores tamén anarcosindicalista.

Da “Unión Mutualista Campesina” funcionarán seccións en Culleredo, Sésamo e Almeiras; unha agrupación local da “Alianza de Labradores” (Celas), vencellada ao PRR-S), e da UXT dúas sociedades de traballadores da terra en Celas, da UXT.

Con persoas de filiación diversa teríamos "La Mutua Campesina" (Sueiro), "La Unión Agricultora" (Celas), "La Nueva" (Castelo) e "La Unión" (Castelo).

Vencelladas aos conservadores serán as Unións Agrarias de Celas, Orro, Veiga, Sueiro, Ledoño e Culleredo, e outra "Unión Ganadera" de Almeiras.

Na fábrica CROS existirá unha "Hermandad para obreros de la Sociedad Anónima CROS. Fábrica de La Coruña", amarela, e un Sindicato "Unión de Industrias Químicas" (Burgo), do que non sabemos a filiación.

De seguros mutuos de gando serán "La Protectora" (Rutis), "El Progreso" (Rutis), "La Protectora" (Celas) e "La Benéfica" (Culleredo), "Unión Ganadera" (Almeiras). Funcionará igualmente a Asociación de Mutualidad Transportista" (Rutis).

E queda o pintoresco "Comité Regional Gallego para la defensa de la República Española", radicado na Coruña pero co seu presidente e algunha directivas domiciliados en Orro (Pereira Martínez, 1996, 1997a, 1998c, 2001a, 2001b).

O transcorrer da República

Aínda que hai pequenos roces por asuntos relixiosos (incautacións de cemiterios, procesións...) enimizade manifesta entre os cenetistas e o alcalde cullerdense Electo Carballo –personaxe moi interesante–, ou episodios de puntual violencia especialmente durante as folgas xerais (1932, 1933, 1934) coa colocación dalgúns petardos na vía do ferrocarril, ou na igrexa do Burgo) os tempos republicanos van transcorrendo con relativa calma en Culleredo.

A situación volverase máis conflictiva en 1936; así, nas eleccións de febreiro de 1936 se producirán algúns tiroteos (interventores da Fronte Popular, e igual os dos partidos de dereitas, andaban armados), problemas nalgunhas mesas electorais e mesmo, nun encontro coa Garda Civil, morrerán dúas persoas).

Nos meses seguintes queimarase a igrexa de Almeiras, e haberá conflictos con algúns párrocos (Almeiras, Sueiro, Orro, Culleredo, Burgo), incáutanse as rectorais de Vilaboa e Orro. Debemos salientar que algúns destes cregos, como o de Almeiras ou o do Burgo, eran ideoloxicamente de extrema dereita.

Os sucesos de xullo de 1936

Respecto aos acontecemento de xullo de 1936, a prensa informa que durante os primeiros días, a Fronte Popular tivo controlado Culleredo. Puxéronse varias bombas: unha delas na horta da casa de Emiliano Moscoso, con poucos danos, e outra

noutra casa, esnaquizando varias habitacións, aínda que non houbo, en ningún caso, feridos. Tamén se colocaron bombas nas igrexas do Burgo, Culleredo e Sueiro, sufrindo esta última desperfectos, e asaltáronse varias casas, sufrindo ameazas o crego. Producíronse bastantes tiroteos, sobre todo nocturnos. Varias persoas de varias parroquias sufriron agresións, aínda que sen danos. A Garda Civil detivo a varias persoas. Sabemos tamén que o dirixente socialista Ramón Maseda Reinante (que pasaba a tempada estival na súa casa da Corveira), o comunista cullerdense Eladio Freire García, José Muíños Fernández e outras persoas fixeron algunhas viaxes, de ida e volta, dende a rectoral de Vilaboa (convertida en Casa do Pobo) á Coruña.

Un informante díxome que se comentaba que na estación do Burgo había un vagón con armas, e que logo oíron unha enorme explosión.

Os militantes de esquerdas andaron á requisa de armas, indo á casa de Represa, na Laxe, que era militar, e tamén á Barcala. Os falanxistas, días despois, comezaron a facer o mesmo.

Os mineiros de Noia pasaron por Culleredo e logo, debido aos problemas que tiveron en Eirís, volvéronse. Moita xente da Coruña agochábase nos montes da parroquia de Vilaboa.

En Sigrás, un coche do "Castromil", que os da Fronte Popular levaban para recoller mineiros de Noia e Lousame, non foi –como di a versión oficial– incendiado para impedir o paso, senón que o conductor, que era novato, subiu toda a costa de Sigrás en 1ª velocidade, e, ao chegar onde está na actualidade a estación de servicio, ardeu o motor e o tiveron que abandonar, aínda que, loxicamente, o atravesarían, e marcharon polos montes. Isto ocorreu o día 22. Unha sección de Carabineiros, que ían a Carral –porque se pensaba que ía haber un atentado contra a traída de augas–, atopárono, e, como era de noite, regresaron. Ao día seguinte retiraron o autobús e continuaron a Carral.

Pasados estes primeiros días, e unha vez controlada a situación polos militares sublevados na cidade da Coruña, o secretario do Concello de Culleredo, Ernesto Lareo Jiménez, fíxose cargo do mesmo, en colaboración con algúns amigos militares de alto grao, e algúns funcionarios, porque a Garda Civil andaba por Carral e Ordes, aínda que de acordo con eles. Propuxo a Jorge Bermúdez de Castro –irmán da antiga dirixente da CEDA Amparo Bermúdez de Castro–, como Subdelegado Civil de Culleredo. Lareo, nun informe de depuración que se lle fixo a todos os funcionarios (que quedaron libres de culpas) afirmará na súa declaración que el non estivera afiliado a ningún partido, aínda que era amigo do marqués de Figueroa, xefe do Partido Maurista na Provincia e deputado, de

José del Moral Sanjurjo (deputado das dereitas, asasinado en Madrid) e doutros dirixentes das dereitas, entre eles José Calvo Sotelo, que o apoiara para obter a secretaría do Concello de Culleredo en 1925 (ARG, Goberno Civil da Coruña, L-2855).

O día 28 de xullo Bermúdez de Castro tomou posesión como Delegado militar dos servicios municipais en Culleredo, por orde do comandante do posto da Garda Civil de Sigrás, cabo Francisco García Sánchez, o cal destituíu á Comisión Xestora da Fronte Popular que viña funcionando. O día 30, Bermúdez de Castro é nomeado subdelegado de Orde Público. Segundo os nosos informantes, non era mala persoa e non se caracterizou por ter afán de vinganza.

Constituídas as Milicias axiña, en escrito do 8 de setembro de 1936 sabemos que o capitán de Milicias da Coruña pide armas para as milicias do Burgo. Pouco a pouco iranse creando todas as estructuras do novo Estado fascista.

Curiosa é unha acta municipal de 8-10-1936. Nela, o alcalde informa que o secretario non puido recoller as sinaturas de todos os concelleiros da Fronte Popular que asistiron á sesión do 11 de xullo, a derradeira, "porque habiendo estallado la revolución el 18 del mismo mes, unos concejales han desaparecido rápidamente y otros fallecido según averiguaciones practicadas, sin que haya sido posible conseguir que compareciesen a estampar su firma". Sorprende este interese polo formalismo legal.

Respecto dos párrocos as opinións son variadas. Do párroco de Vilaboa, Acuña, a xente non fala mal, e axudou a algúns presos, facendo xestións en favor deles. De feito, nos libros da parroquia, nos que menciona o asunto da incautación da rectoral, a penas fai comentarios. O de Almeiras, Xoán Santos Axeitos, polo contrario, é acusado de axudar aos paseadores. Era un home intolerante, como demostra o que deixou escrito sobre a República nun dos Libros de Fábrica, despois da queima da igrexa. Xa tivera problemas na época da Fronte Popular. O crego de Sueiro, aínda que de dereitas, axudou a algúns fuxidos.

As liortas internas

Os problemas dentro das persoas do novo Réxime comezan axiña. O conflicto xurdido a raíz da petición do traslado da Casa do Concello dende Rutis a Culleredo fará que afloren outra volta os antecedentes de moitas persoas instaladas no novo réxime. O asunto empeza o 15 de outubro de 1936, cando 53 veciños de Culleredo envían un escrito ao gobernador civil, pedindo que a Casa do Concello volva a Tarrío, onde estivera "deste tiempo inmemorial", dicindo que fora levada a Rutis na República, para bene-

ficio do alcalde e secretario”. Argumentan que non se cumpriran certos preceptos legais, e que o traslado fora feito con sixilo polo entón alcalde e dous concelleiros, non sabéndoo ninguén máis. Din, por último, que queda moi afastada para moitas parroquias, e que estas suman máis habitantes que O Burgo e Vilaboa. Asinan o escrito os cregos de Culleredo, Sésamo e Orro, Sueiro, Castelo, Celas e Almeiras, os subdelegados de Culleredo e Sésamo, o secretario do Xulgado e algunha xente máis, maioritariamente da parroquia de Culleredo. O 21 de outubro o gobernador envíalle o escrito ao alcalde, para que informe. O 23 de outubro o alcalde, Bermúdez de Castro, envía a documentación oficial do Concello referida ao traslado da Casa Consistorial, manifestando tamén que “la petición tiene un carácter puramente caciquil, notándose en las firmas algunas de autenticidad dudosa y otras de menores de edad”. Di tamén “que la parroquia de Culleredo se ha distinguido por sus comités revolucionarios y sus manifestaciones o desfiles públicos de éstos”. E conclúe dicindo que a tramitación fora legal, e que, en todo caso, o que terían que pedir era un referendo.

O 24 de outubro, noutro informe, Bermúdez de Castro volve insistir na legalidade do acordo. Di que en Culleredo, Ledoño, etc. celebraban coa compracencia dalgúns dos asinantes reunións semanais dos seus flamantes comités revolucionarios, “y era pintoresco ver los desfiles de las diez de la noche en adelante á los acordes de la Internacional carretera arriba por la Villa de Rutis de los concurrentes á las reuniones de su feudo en Culleredo y Ledoño, Celas, etc., á su regreso de las mismas”. Manifesta que en Rutis, os primeiros días do alzamento, o secretario, Lareo, e logo el e outros, “contenimos el movimiento sin desertar un momento de nuestro puesto a pesar de carecer de fuerzas, controlando su desarrollo y haciéndolo fracasar en todas las parroquias, la mayoría de los firmantes caciqueaban en un tira y afloja exigiendo el cumplimiento de sus compromisos a los elementos del Frente Popular, que era el reintegro de la Casa Ayuntamiento a su guarida de Tarrío en Culleredo a cambio del calor y los votos facilitados en las últimas elecciones para Diputados á Cortes para Presidente de la República y para el Estatuto”.

O alcalde, en novembro de 1936, pide a substitución de Antonio Sánchez García, secretario xudicial e concelleiro, porque “se dedica en estos últimos tiempos a actividades políticas de tipo caciquil, incompatibles con el actual Régimen”; propón que o substitúa como subdelegado civil de Culleredo Manuel Iglesias Otero, labrego, solvente, afecto ao Movemento. O 22 de novembro de 1936 Antonio Sánchez García, na súa defensa, manda un escrito ao gobernador civil dicindo que sempre foi de dereitas, e que en

Culleredo parece que "personas influyentes en el municipio cuyos destinos vienen rigiendo, que hasta la fecha del movimiento salvador de la Patria, pertenecieron, según rumor público, a partidos del Frente Popular" (como Iglesias Otero). Pola súa parte, un informe do crego de Culleredo, Celestino Rey García, de 22 de novembro de 1936, di que Iglesias Otero fora o presidente da sociedade da CNT, e estivera detido con toda a directiva. O 30 de novembro de 1936 Bermúdez de Castro (que alega que fora enganado polos seus asesores) pide a destitución de Iglesias Otero porque non funcionara ben nun tema e porque "también se ha comprobado que dicho concejal sustentó ideas comunistas"; propón para ocupar o posto a José Vilar García. A Garda Civil, nun informe de 7 de decembro de 1936, di que co nome de José Vilar García hai dúas persoas, unha afecta ao Movemento e outra "extremista". Considera que é mellor poñer no posto a José Pazos Touceda, ou a Sánchez (destituído tempo atrás, pero como consecuencia de que os informes do alcalde non se axustaban á realidade). Noutro informe da mesma data sobre a destitución de Iglesias Otero, o capitán da Garda Civil comunica ao gobernador civil que Iglesias fora proposto por Bermúdez de Castro, e que el creuno; sen embargo, das investigacións practicadas conclúe que "Manuel Iglesias Otero, persona de inmejorable conducta y antecedentes hasta el advenimiento de la República [fora concelleiro na Dictadura primorriverista], posteriormente, al fundar la Sociedad de Labradores de Culleredo, ingresó ésta en la CNT, por presión de los directivos de esta Agrupación sindical y que en los sucesos de diciembre de 1933, dicho señor fué encarcelado por pertenecer a la directiva de la expresada sociedad y que a partir de este momento, el sr. Iglesias ha seguido figurando en los partidos políticos del extinguido Frente Popular; pero sin que su actuación haya sido destacada en contra de personas y propiedades".

Tamén o crego do Burgo, Manuel Covas Carballal –do que os informantes salientan o seu forte carácter– tivera problemas puntuais con algúns republicanos, pero ao final parece que houbo unha certa comprensión. E, a pesar de ser firme defensor do novo Réxime, tivo tamén problemas coa Falanxe, debido a que era carlista tradicionalista de vello. Así, o 10-8-1937 é denunciado polo delegado local falanxista, Rafael Osende, que di na denuncia que dende algún tempo atrás "viene ofendiendo públicamente a nuestra Organización con palabras de mofa y agresivas, en grado inexplicable, en contraposición con el trato respetuoso que con él observan todos nuestros camaradas, que, a mi recomendación, no han querido ver en él mas que al sacerdote, "a pesar de su carácter violento y mundano, y que jamás correspondió a nuestro saludo

levantando su mano, ha hecho objeto de una agresión a dos camaradas de las Sección Femenina de esta Delegación".

O caso foi que, o día 10 de agosto de 1937, unhas falanxistas estaban facendo no adro da igrexa a cuestación pro Auxilio Social, colocándolles insignias á xente que saía da misa. Cobas saíu da igrexa e, de forma descomposta e groseira, botounas do adro, "diciendo que aquello no era una recaudación cristiana y que el lugar era sagrado, rompiéndoles las insignias en la cara si volvían a utilizar aquel sitio para postular. Ante el estupor de todos le manifestó un camarada si no temía que su actitud fuese considerada como falta de patriotismo, contestando él que al que tal dijese le pegaría un tiro".

Continúa dicindo Osende que o escrúpulo que agora sinte Cobas "no lo ha sentido las numerosas veces que, en todas las situaciones políticas, consintió en dicho lugar, con motivo de las fiestas parroquiales, bailes y otros festejos de carácter no religioso por cierto..."

Pídelle ao xefe comarcal da Falanxe que poña isto en coñecemento da autoridade gobernativa, para que lle impoñan unha sanción que, "con su ejemplaridad, traiga el sosiego y la respetuosa cordialidad con que todos nuestros camaradas desean relacionarse con sus párrocos, evitandose así los futuros momentos dificiles que preveo, de continuar este sacerdote con su ememiga contra Falange".

A represión

Os mortos

Rexistro Civil de Culleredo

- 15-8-1936: Ramón Ponte Rivas: 21 anos, solteiro, xornaleiro, da Coruña. Apareceu no "Monte do Foxo" en Castro (Rutis). Hemorraxia interna. Enterro en Rutis (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 155; Pereira Martínez e Romero Masiá, 2003). Fora delegado, no II Congreso Extraordinario da CNT de Zaragoza, de "Empleados y Obreros Municipales" e "Empleados de Comercio", ambos da Coruña. Vicesecretario de "Germinal". Fala en mitin da "Federación Ibérica de Juventudes", en nome da JIL da Coruña, e en mitin pola abolición da pena de morte, derogación da lei de vagos e maleantes e da lei de Asociacións, fomento das organizacións libertarias, etc.
- 16-8-1936: Francisco Gómez Blanco: 23 anos, da Coruña, mestre de 1ª ensinanza, solteiro, apareceu na estrada Coruña-Santiago, km. 8, Hm. 9, na curva de Canabal, hemorraxia

menínxea, enterro en Almeiras. Quizais sexa esta persoa a que viu, aínda agonizando, un dos nosos informantes, con tiros no ventre. Outro informante nos comentou, pola súa parte, que tiña tres disparos na cabeza, e que unha das persoas que foi ver o cadáver foi a esposa do gobernador civil, Juana Capdevielle, que estaba agochada nunha vivenda próxima. Tamén nos comentou que, ao parecer, lle puxeran enriba unha tarxeta co texto "Recuerdo de la primavera", ou algo semellante (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 154).

- 19-9-1936: Antonio Vidal Roel: 56 anos, casado, labrego, natural de Víos (Abegondo) e residente en Lubre (Bergondo). Estaba casado con Elisa Pan Salorio. Apareceu na estrada de Alvedro ao Burgo. A causa da morte foi hemorraxia menínxea, e enterrouse en Almeiras (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 155).
- 23-9-1936: Manuel Abelenda Catoira: 26 anos, da Coruña, solteiro. Era militante das "Juventudes Socialistas Unificadas". Apareceu na estrada Coruña-Santiago (na costa de Canabal), hemorraxia interna. O enterro foi no cemiterio de Rutis (Pereira Martínez, 1998a; Lamela García, 2002: 155).
- 23-9-1936: Juan Otero López: 27 anos, da Coruña, practicante. Practicante da Beneficencia Municipal na Coruña, testemuñas nos comentaron que era quen facía as autopsias en Vilaboa. Apareceu na costa de Canabal, hemorraxia menínxea. Enterro en Rutis. Estaba casado con Elena Ambos Iglesias. Afiliado a "Izquierda Republicana" (Pereira Martínez, 1998a; Lamela García, 2002:155).
- 23-9-1936: Fernando Pombo Segade: 20 anos, hemorraxia menínxea, apareceu no mesmo lugar que os dous anteriores, enterrado no cemiterio de Rutis. Veciño da Coruña, solteiro (Lamela, 2002: 155).
- 25-6-1937: María García Díaz: 50 anos, costureira, da Coruña. Apareceu no camiño público de Peiro de Abaixo, hemorraxia menínxea. Enterro en Veiga (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 155).
- 31-10-1939: Restos humanos (un esquelete). A morte tivera lugar 8 ou 10 meses antes. Apareceu no monte de Castelo, na parroquia de Veiga. Enterro en Ledoño.

TOTAL: 7-8 mortes.

Outras mortes violentas que aparecen no Rexistro Civil de Culleredo

- 4-1-1937: José Castrujo Varela: 69 anos, peritonite séptica, faleceu no monte da Viña, parroquia de Sésamo. Veciño de

Sésamo, labrego, casado con Carmen Méndez Mariño e con 7 fillos (Lamela, 2002: 155)

- 21-2-1937: José Picallo García: 37 anos, inscrición por orde xudicial, veciño de Rutis, xornaleiro, casado con Socorro Díaz López, con 4 fillos (Lamela, 2002: 155). Unha testemuña de Vilaboa dérame o seu apelido, Picallo, como un dos asasinados (Pereira Martínez, 1998a).
- 5-6-1937: Manuel Delgado Novo: 21 anos, shok traumático. Faleceu na estación de Ferrocarril do Burgo, enterrado no Burgo. Veciño da Coruña, solteiro, xornaleiro (Lamela, 2002: 155).
- 7-9-1937: Benito Domínguez Pan: 42 anos, hemorraxia interna. Interveu o xuíz instructor. Veciño de Peiro de Arriba-Celas, labrego, casado con Manuela Carneiro Pardiñas, 3 fillos (Lamela, 2002: 155)
- 6-12-1937: Antonio Sánchez Sánchez: 60 anos, 6-12-1937, asfixia por inmersión, faleceu no río Mero, veciño de Almeiras, casado con Rosa Mosquera Sar, labrego (Lamela, 2002: 155).
- 14-12-1937: José Sánchez Doldán: 38 anos, asfixia por inmersión na ría do Burgo, veciño de Almeiras, xornaleiro, casado con Mercedes Suárez Martínez (Lamela, 2002: 155).

TOTAL: 6 mortes.

Rexistro Civil da Coruña

- Fernando Martínez Baldomir: Disparo de arma de fogo. Veciño de Vilaboa (Lamela, 1998: 183 e 2002: 137; Pereira Martínez, 1998a). Non se sabe a data exacta da morte, pero parece que foi entre o 11 e o 14 de setembro de 1936.
- 25-1-1937: Manuel Ramiro Lorenzo: 20 anos. Pasado polas armas. Veciño de Vilaboa, da familia coñecida popularmente como os "Perniles", prófugo en 25 de febreiro de 1937 (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998: 183 e 2002: 139; AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal). Fora procesado no Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36, con Manuel Morano Pose, Pastor Dopazo Varela, Federico Rodríguez Ponte e Jesús Varela Manteiga (Dato facilitado por Eliseo Fernández).
- 27-2-1937: José Novo Paz: 57 anos. Peritonite de orixe traumática. Veciño de Veiga (Culleredo) e socio de Germinal (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998: 184 e 2002: 140).
- 15-3-1937: Antonio Ramallo Gómez: 46 anos. Pasado polas armas. Veciño de Castro (Rutis). Tiña unha tenda e era o propietario do antigo local da escola de Castro-Laxe (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998a: 184 e 2002: 140).

- 29-4-1937: Manuel Bestilleiro Galán: 29 anos. Pasado polas armas. Veciño de Culleredo, casado. (Lamela, 2002: 140).
- 8-5-1937: José Gómez Sánchez: 41 anos. Inhibición nervosa consecutiva e queimaduras internas. Veciño do Portádego. Casado con María Naveira, con 2 fillos. Interveu o Xuíz Instructor (Lamela, 2002: 140)
- 9-10-1937: Manuel Bergantiños Pose: Fusilado. 21 anos. Solteiro e natural de Rutis. Era da CNT. Prófugo en 25 de febreiro de 1937, fora capturado en marzo de 1937 na fuxida do monte de San Pedro, na Coruña (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 1998: 180 e 2002: 143; AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal; El Ideal Gallego, 9-3-1937).
- 9-10-1937: Manuel Baldomir Vázquez: 27 anos. Fusilado. Solteiro e natural de Rutis-Vilaboa, veciño do Portádego, zapateiro de profesión. Fora capturado na fuxida do monte de San Pedro (A Coruña), en marzo de 1937 (Pereira Martínez, 1998ª; Lamela, 1998: 186 e 2002: 143; El Ideal Gallego, 9-3-1937).
- 9-10-1937: José Rodríguez Serantes: Fora detido na fuxidado monte de San Pedro (A Coruña) en marzo de 1937. No xornal aparece como solteiro, 29 anos, limpiabotas, natural de Avilés e veciño do Burgo. Sen embargo, cando é fusilado, aparece como natural da Coruña, casado e de 32 anos (Lamela, 2002: 65, 143, 174; El Ideal Gallego, 9-3-1937).

TOTAL: 9 mortes.

Rexistro Civil de Carral:

- 3-9-1936: Juan Díaz Loureda: 28 anos. Paseado. Disparos de arma de fogo. Faleceu na parroquia de Veira sobre as 2 da madrugada e foi enterrado no cemiterio desa parroquia. Veciño de Rutis-Culleredo, de profesión xornaleiro (Lamela, 2002: 153).
- José Manuel Moledo Rodríguez: Naceu en Vilaboa en 1905, fillo de José e Peregrina. Era auxiliar dunha Farmacia localizada en San Andrés, 177 baixo, e domiciliado en Curro, 24-5º. Socio do Casino Republicano, estaba casado coa mestra de Corcubión Josefina Trapote Paz. Foi o representante de "Socorro Rojo Internacional" nun acto celebrado o 14 de abril de 1934. Os informes policiais o cualifican de comunista. Tentaron detelo uns falanxistas na farmacia na que traballaba, pero desapareceu e nunca máis se soubo del. Pensouse que conseguira fuxir a Lugo. A súa esposa vestiu loito despois de coñecer por referencias que aparecera morto en Herves (Veira-Carral). Un informe policial de anos despois vén dicir o

mesmo. Pode ser, logo, un dos descoñecidos aparecidos en Herves (Lamela, 1998: 109, 110, 112 e 2002: 24, 43, 46, 78, 183)

TOTAL: 2 mortes.

Outros rexistros:

- Luis Carro Aradas: Axustizado. Veciño de Almeiras, da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, de ser autor "de grandes fechorías", de que fora dun "centro comunista" e de que levara ao crego de Almeiras ante o alcalde de Culleredo para que o detivese. Non se sabe onde o mataron (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 182, 202-204). Lantes formou parte da primeira Corporación Municipal franquista de Culleredo, sendo subdelegado civil de Almeiras (AMC, Libros de Actas, 3-9-1936).
- José Manuel Iglesias Bartomé: Axustizado. Veciño de Almeiras, da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, de ser autor "de grandes fechorías", de que fora dun "centro comunista" e de levar ao crego de Almeiras ante o alcalde de Culleredo para que o detivese. Non se sabe onde o mataron (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 182, 183, 202-204).
- José Muíños Fernández: Veciño de Vilaboa (Culleredo). Propietario dunha pequena empresa de autobuses, vivía frente ao "Salón Fina Sport". Preso varias veces, ao final o pasearon, aparecendo morto en Guitiriz, desfeito. Din os veciños que o denunciou Manuel García Debén, un falanxista que tamén tiña autobuses, coas cocheiras onde hoxe está a igrexa nova de Vilaboa, denunciado constantemente en Solidaridad Obrera como transportista de esquirois (Pereira Martínez, 1998a; Lamela, 2002: 184).

TOTAL: 3 mortes.

Outros asasinados segundo diversas testemuñas:

- Bartolo: Vivía fronte á igrexa de Vilaboa. Paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Santiago e Enrique: Eran irmáns, veciños do Burgo, tíos de José Pereira. Eran os da taberna "O Castaño". Os levaron e os pasearon na Costa da Sal (Pereira Martínez, 1998a). Esta

taberna aparece mencionada, como lugar de contactos, no denominado "Informe Brandariz", no que un "toupo" contribuirá a desarticular parte da rede de fuxidas que dirixía Jaime Baella, en 1937 (Grandío, 2001: 110, 115). Segundo os nosos informantes, o pai de Santiago e Enrique tamén estivo preso.

- Doldán: Veciño do Burgo. A el, e ao seu fillo, os pasearon (Pereira Martínez, 1998a).
- Prego: Veciño do Burgo, paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Baldomero: Veciño de Almeiras, paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Emilio Prego: Veciño de Sueiro. Estando agochado, foi ferido. Cando se entregou, foi paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Carril: Era natural do concello de Culleredo. Foi fusilado con Ramón Figueroa Vilachá (Pereira Martínez, 1998a).
- "Meirama": Alcume dun veciño de Vilaboa. Paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Barral: Un membro desta familia foi paseado.
- Zapateiro do Burgo: Era do PCE. Rumoréase que o denunciou o crego de Almeiras, Santos Ageitos, un verdadeiro fanático que, segundo as testemuñas orais, denunciou a máis persoas para que as pasearan.
- Manuel Sabio: Segundo testemuñas orais, foi paseado porque lle alugara ao PSOE un piso nunha casa que tiña no Burgo. Foi denunciado, ao parecer, por un irmán falanxista (Pereira Martínez, 1998a).
- Ramón Fernandez N. (Naya): 20 anos, acusado de tenza de armas, paseado (Pereira Martínez, 1998a).
- Ramón Figueroa Vilachá: Fora mestre en Sésamo, e era natural do concello de Carral. Depurado (LVG, 28-2-1937), sería fusilado a comezos dos 40 (Pereira Martínez, 1998a; 1998b).

TOTAL: 14 mortes. Total parcial: 42 mortes

Soldados cullerdenses do exército franquista mortos durante a Guerra Civil

(Os seus nomes figuran na Cruz dos Caídos de Sésamo, inaugurada en 1941): Manuel Iglesias Ramos; Jesús Pan Mosquera; Pedro Núñez Castiñeiras; Manuel Lorenzo Galán; Ángel Buján Ramos; Manuel García Núñez; José Abella Santos; Claudio Rey Pose; Pedro Grela Castro; (roto) Manteiga Álvarez; (roto) García Vázquez; (roto) toa Pereiro; (roto) [Igles]ias García; (roto) Rey Lousa; (roto) Castro Ponte; (roto) Rodríguez Veira; (roto) Rey

Núñez; Ignacio Rodríguez García; Ricardo González Barbeito; Manuel Castro González; Andrés Martínez Iglesias; Francisco Trigo Reboredo; José Souto Pose; Emilio Couceiro García; Eduardo Patiño Pedreira; Manuel Sande García; Antonio Boedo Rodríguez; Horacio Patiño Patiño; Reinaldo Barral Lozano; Rosendo Catrufo Bermúdez; Enrique Mantiñán Barral; Ramón Vilar Martínez; Ramón Insua Martínez; Manuel Núñez Arenas; Antonio García Taibo; José López Gómez; Manuel Sande Viñas; José López Carro; José Pedreira García; Rosendo García Cajide; Manuel García Rey; Manuel Gago Hermidas; Manuel García Vázquez; Francisco Jaspe Loureda; Julio Ramallo Carbón; José María Pulián; Enrique Bregua Trigo; Antonio Veira Naya; Manuel García Trillo; Manuel Canosa Rioboo; José Gómez García; Antonio Ramallo Bregua; Benito Seoane Otero; Sergio Vázquez García; Manuel Castelo Pedreira; Silvestre García Candamio; Ramón Naya Seoane; Francisco Míguez Larrosa; Ernesto Santiso Rodríguez; Florencio Sende García; Francisco Patiño Méndez; César Edreira García; Ricardo Caamaño Mallo; Manuel Bermúdez Domínguez; José Martínez García; Jesús García Díaz; Fabián Ramos Barbeito.

TOTAL PARCIAL: 69 mortos.
TOTAL MORTES CULLEREDO: 111 mortes.

Fusilados ou paseados con relación con Culleredo:

- Juana Capdevielle: Esposa do governador civil, Francisco Pérez Carballo. Apareceu morta en Rábade (Fernández Santander, 2000: 94; Lamela, 2002: 35, 50, 106, 282). Testemuñas da época nos contaron que estivo agochada na casa que o deputado de Izquierda Republicana, Victoriano Veiga, tiña en Vilaboa. Visitouna alí o cónsul de Francia na Coruña, pero lavouse as mans. Mandóuselle un oficio para que abandonase Vilaboa, e alí a foron buscar os gardas civís para levala á Coruña.

Algúns dos fusilados na Coruña tiñan relación con Vilaboa, como o alcalde, Alfredo Suárez Ferrín (a familia tiña unha finca na Corveira, a de "Ferrin", e no Burgo antes), e Ramón Maseda Reinante, presidente da Agrupación Socialista da Coruña, que pasaba os veráns na súa casa da Corveira (Rutis), na que residía no momento da sublevación militar (Pereira Martínez, 2002a).

Fuxidos, agochados, perseguidos, presos, exilados

- Pastor Dopazo Varela: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Manuel Morano Pose, Federico Rodríguez Ponte, Manuel Ramiro Lorenzo e Jesús Varela

Manteiga, ainda que non sei se eran tamén de Culleredo. En maio de 1938 un grupiño de presos do Penal de San Cristóbal (Pamplona) amotináronse para tentaren fuxir cara Francia en maio de 1938, e aproveitando a ocasión, case 700 presos saíron do penal en dirección á fronteira francesa; no camiño foron asasinados 185, mentres que 565 foron capturados vivos e só dous ou tres chegaron realmente a Francia. Entre os que fuxiron e despois foron capturados vivos, estaba Pastor, natural de Culleredo, xornaleiro de 24 anos, condenado na Coruña a 30 anos o 11-01-37 por rebelión militar (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Manuel Morano Pose: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Federico Rodríguez Ponte, Pastor Dopazo Varela, Manuel Ramiro Lorenzo e Jesús Varela Manteiga (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Federico Rodríguez Ponte: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Manuel Morano Pose, Pastor Dopazo Varela, Manuel Ramiro Lorenzo e Jesús Varela Manteiga (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Jesús Varela Manteiga: Tribunal Militar Territorial IV, A Coruña, causa 333/36. Procesado con Pastor Dopazo Varela, Manuel Morano Pose, Federico Rodríguez Ponte e Manuel Ramiro Lorenzo (Dato facilitado por Eliseo Fernández).

‣ Antonio Estraviz Fariña: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Arturo García Rodríguez: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Manuel González Varela: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Manuel Pedreira Rumbo: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ José Rodríguez: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ Julio Sánchez Boedo: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

‣ José Touriñán Mateo: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).

- Manuel Vázquez González: Foi declarado prófugo o 25-2-1937; non se presentara cando foi movilizado para o Exército (AMC, Libros de Actas da Corporación Municipal).
- Ramón García Folgar: O alcalde de Culleredo interésase, o 18-2-1938, pola busca e captura deste desertor, para poñelo a disposición da autoridade militar (ARG, GC, L-4914).
- Josefa González Mosteiro: De Cordeda (Rutis), foi encarcerada e rapada ao cero porque o seu irmán Xosé, destinado a un pelotón de fusilamento en Ferrol, fuxiu a Francia; eran orixinarios da Xira (Sigrás).
- José Castro Seijo: De Almeiras. Da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de que fora dun "centro comunista" e de que anotaba nunha libreta aos que non os acompañaban para impedir traballar no desescombro da igrexa de Almeiras, recén queimada. No momento da denuncia estaba fuxido (Lamela, 2002: 203).
- José María Galán Becerra: De Almeiras. Da CNT, fora presidente do Ateneo Libertario "Campo Libre" desa parroquia (Pereira Martínez, 1996). É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, de levar ao crego de Almeiras ante o alcalde de Culleredo, para que o detivese, de que fora dun "centro comunista" e lembrando que aparecera na prensa reclamado pola sustracción de armas no Pazo de Xustiza. No momento da denuncia estaba fuxido (Lamela, 2002: 202-203).
- Nicolás Uzal Campos: Veciño do Casal (Sésamo). Fora concelleiro na 1ª Corporación Municipal, pola ORGA, pertencendo posteriormente ao Partido Republicano Radical. Canteiro de profesión, estaba afiliado á CNT coruñesa. Estivo agochado os primeiros días. Capturado, levárono para matar nun camión, pero en Sigrás o capitán da Garda Civil, que era da familia dos Toubes, avisou ao crego Toubes (tristemente célebre pola súa implicación na represión) e este mandou que o ceibaran; eran os dous de Cuntis. O falanxista Emiliano Martís colleulle unha pistola que tiña agochada. Este falanxista requisoulle unha vaca, pero logo Luis Botana, o xefe das Milicias de Falanxe de Sueiro fixo que lla devolveran (Uzal foi falar con el). Na casa de Uzal, estando el fuxido, estivo tamén agochado o crego de Sueiro nos primeiros días, por medo a represalias dos republicanos (Pereira Martínez, 1996, 1997ª, 1998c).

- Fernando Barbeito "O Piollo": De Sésamo-Sueiro, foi perseguido polos milicianos (Pereira Martínez, 1997a).
- Manuel Fariña Campelo: De Vinseira Pequena (Celas), fora concelleiro na época da Fronte Popular, directivo a finais dos anos 20 da sociedade "Pro Cultura" de Celas e directivo da "Alianza de Labradores de Culleredo", vencellada ao "Partido Radical Socialista". Déronlle unha malleira enorme, da que nunca se recuperou ben. Multado en varias ocasións Pereira Martínez, 1996).
- Enrique Iglesias Rodríguez: Mestre de Celas, fora directivo da "Alianza de Labradores" (Pereira Martínez, 1996). Foi depurado. Traballou despachando viño, xunto coa súa muller, na taberna do pai de González Dopeso (os fillos deste eran da Falanxe). O protexeron porque era de Ourense, como o pai de González Dopeso, e os fillos.
- Eustaquio: Veciño de Sueiro ou Sésamo (non podemos precisar). Era de "Izquierda Republicana". Queríano matar, polo que andou agochado.
- Antonio Andrade: Era veciño de Goiente (Sueiro). Estivo preso no castelo de San Antón (Pereira Martínez, 1997a).
- Perfecto Iglesias: Era de Sueiro. Estivo fuxido. Foi ferido nunha emboscada realizada por milicianos de Vilaboa e Culleredo. Quixérono levar a pasear en varias ocasións. Salvouno un maxistrado da Coruña, Marcial del Río, ao cal a súa muller lle lavaba a roupa. Estivo preso en San Antón, pero despois o liberaron sen causa contra el (Pereira Martínez, 1997a).
- Manuel Candamio Fernández: Veciño da Laxe (Rutis). Fora concelleiro pola ORGA e logo militou no "Partido Republicano Radical". Directivo de varias asociacións de Rutis. Estivo encarcerado en dúas ocasións (Pereira Martínez, 1996).
- Jesús Candamio García: Fillo do anterior, e veciño do mesmo lugar. Estivo encarcerado en dúas ocasións.
- Andrés Candamio García: Irmán do anterior e fillo de Manuel. Movilizado, conseguiu pasarse ao bando republicano durante a guerra, polo cal foi detido o seu pai e o seu irmán. Cando regresou da guerra, estivo preso en San Antón. Fora directivo do sindicato agrario da CNT de Castro-Laxe (Rutis).
- Victoriano Veiga González: Deputado de "Izquierda Republicana" en 1936, pola provincia da Coruña, agochou na súa casa de Vilaboa á muller do gobernador civil, Juana Capdevielle. Fóronlle incautados os bens que tiña na parroquia.

- Ramiro Pérez Méndez: De Almeiras. Da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo de ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de capitanear un grupo que pedía as listas dos veciños que ían colaborar na reconstrucción da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, e de ser presidente dun "centro comunista"; xa estivera detido anteriormente "por sus antecedentes perniciosos" (Lamela, 2002: 203).
- Emilio Santos Sar: De Almeiras. Da CNT. É denunciado ao gobernador civil por un veciño da parroquia, Manuel Lantes Pan, en escrito datado o 27-7-1937, acusándoo ter que ver coa queima da igrexa de Almeiras, de acompañar ao qur capitaneaba un grupo que pedía as listas dos veciños que ían colaborar na reconstrucción da igrexa de Almeiras, de impedir o seu desescombro, de ser o secretario dun "centro comunista". Di que traballa na Fábrica de Tabacos (Lamela, 2002: 203).
- Alfredo Iglesias Ramos: De Almeiras. Da CNT. Denunciado ao gobernador civil por un veciño, Manuel Lantes Pan, o 28-7-1936. Di que estaba á fronte do "local-taberna casa de juego" onde se reunían os do "centro comunista" de Almeiras "para sus fines satánicos" (Lamela, 2002: 203).
- Antonio Mouriño Meis: Natural de Vilaboa, estivera detido antes de 1936. Veciño nestes momentos de Almeiras, da CNT. Denunciado ao gobernador civil por un veciño, Manuel Lantes Pan, o 28-7-1936, que o acusa de ser acompañante dos que capitaneaban todo o acontecido logo da queima da igrexa de Almeiras. Comenta que neste momento é soldado e que xa estivera detido anteriormente "por sus antecedentes perniciosos" (Lamela, 2002: 203).
- Antonio Blanco Varela: De Almeiras, da C.N.T. Denunciado ao gobernador civil por un veciño, Manuel Lantes Pan, o 28-7-1936, en relación con todo o acontecido logo da queima da igrexa de Almeiras. Acúsao de "pistolero" e de ter ido á súa casa, ameazándoo cunha pistola, para requisar armas. Di que parece que está, neste momento, na fronte de guerra (Lamela, 2002: 203).
- Francisco Blanco Varela: De Almeiras, da C.N.T. Denunciado ao gobernador civil por un veciño, Manuel Lantes Pan, o 28-7-1936, en relación cos sucesos da queima da igrexa de Almeiras, e de que vixiaba a casa do párroco. Di que neste momento está no Tercio (Lamela, 2002: 203).
- Pedro Vázquez: De Almeiras. Era presidente da sociedade agraria da C.N.T. Denunciado ao gobernador civil por un

veciño, Manuel Lantes Pan, o 28-7-1936, dicindo que acompañara aos gardas de asalto cando foron á finca do xeneral Carrero en busca de armas. Di que é follalateiro e que está na Coruña traballando (Lamela, 2002: 203).

- Ricardo Doldán Canedo: De Almeiras, da C.N.T. Denunciado ao gobernador civil por un veciño, Manuel Lantes Pan, o 28-7-1936, acusándoo de acompañar aos do "grupo comunista" en todo o relacionado cos acontecementos posteriores á queima da igrexa de Almeiras. Di que nestes momentos está de soldado (Lamela, 2002: 203).
- Paco "O Lancheiro": De Vilaboa (Rutis), areeiro de profesión, estivo perseguido.
- Señor Galán: De Rutis, tamén estivo agochado.
- Fernández: veciño de Sésamo, aínda que a familia era de Orro. Viñera da Arxentina. Persoa de esquerdas, quixérono matar, sendo planeado o seu asasinato nunha xuntanza de falanxistas.
- Clara Veira Ramallal: Non a quixeron como mestra da escola de Celas (que estaba vacante) porque a súa "conducta cristiana y religiosa non es tan diáfana como era de desear pues alguna vez dejó de cumplir con párena y muchas con la santificación de las fiestas, [e tamén] porque, según me informan personas graves y fidedignas, tanto ella como algunos miembros de su familia fueron á votar á favor del Frente Popular" (AMC, Instrucción Pública: Informe de Manuel Andión, crego de Celas, de novembro de 1936. A Garda Civil de Sigrás, noutro informe, dicía o mesmo).
- Benito: Da Corveira (Rutis). Tiña na horta da súa casa agochada, dentro dun bidé, unha emisora e armas dos fuxidos no 36. Debido a un chivatazo, foi detido e preso.
- Ricardo Vázquez Fuentes: Natural de Almeiras, vivía en Sueiro. Foi denunciado pola Falanxe porque dicían que lle prendera lume ao "Castromil" que apareceu en Sigrás nos primeiros días do Alzamento, e porque dicían que tentara asaltar a Casa do Concello. Estivo agochado. Agochara nun castaño toda a documentación da sociedade da UXT de Sueiro.
- Julio de Rúa: Tamén de Culleredo, foi acusado do asunto do "Castromil".
- Enrique Veira Castro ("Catrufo"): De Sésamo, era do PCE. Condenado a morte, conmutóuselle por cadea perpetua.

Castelo: De Rutis, foi tamén perseguido e pasouno mal.

- "Chechulas": De Vilaboa (Rutis), do PCE, fuxido.
- José María Louzán Martínez: Alcalde de Culleredo na época da Fronte Popular, era presidente de "Izquierda Republicana"

do Burgo. Marcharía uns anos despois para a Arxentina (Pereira Martínez, 1996).

- José Naya Regueira: Naceu en Vilaboa en 1907, fillo de José e Francisca, albanel e mosaísta, solteiro, e domiciliado en Socorro, 41-1º. Era vocal do "Sindicato de Albañiles La Aurora Social", da CNT, e militante do PCE. Un informe policial di que puido morrer en 1937, pero ao parecer conseguiu exiliarse, nese ano, a Arxentina (Lamela, 1998: 109, 112 e 2002: 24, 44, 46, 79, 184).
- Jesus Naya Regueira: Segundo os nosos informantes, fora ferido ao comezo do Movemento nun monte, en Castro (Vilaboa). Era da familia das "Bichas", os Mejutos, todos comunistas de Rutis), irmán de José e Manuel. Conseguiu fuxir, con outros, nunha lancha gasolineira dende Fonteculler (Rutis). En alta mar quedaron sen combustible, e cando xa case tiñan disposto suicidárense recolleunos un remolcador francés, que os levou a Francia. Pasaría posteriormente á Península, na clandestinidade, estando no maquis, sendo detido e encarcerado en Burgos, onde morreu.
- Manuel Naya Regueira: Foi un dos fundadores do "Club Obrero" da Corveira (irmán de Jesús e José, da familia das "Bichas", os Mejutos, todos comunistas de Rutis) (Pereira Martínez, 1996). É outro dos que, con máis compañeiros, conseguiu fuxir unha lancha gasolineira dende Fonteculler (Rutis).
- Aureliano Mejuto Iglesias: Coñecido por Mejuto, domiciliado en Fonte Culler (Rutis-Culleredo). Nun informe de 2-10-1937 dise: "No dieron resultado satisfactorio todas las averiguaciones practicadas para su detención, haciéndosele un registo en su domicilio que tampoco ha dado resultado; desapareció de su domicilio en los primeros días de Agosto. El 17-8-1937, fue reclamado por el Comandante Sr. Mauriz por intentar fugarse a la zona roja. Es persona de ideas muy extremistas. No tiene antecedentes en esta Comisaría". Escapou a Francia, con outros compañeiros, no bou Tiburón, en 1937 (Lamela, 62, 74).
- José Parada Blanco: Natural de Vilaboa (Culleredo). En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer en Francia (Anónimo, 1939: 6; AAVV, 2001: biografía nº 1389).
- Eladio Freire García: Naceu na parroquia de Rutis o 19 de xaneiro de 1902, residindo na Corveira. Coñecido como "Andarín" ou "Lirio". Foi un destacado membro do Partido Comunista de España. En 1932 fundou, con outros veciños, o

"Club Obrero", na Corveira, de inspiración comunista, para dar clases aos traballadores e labregos, organizar actos culturais, etc., ás cales asistiron moitos veciños de Vilaboa. Asiduo orador en mitins do P.C.E., algúns deles en Vilaboa (xa en 1932) en 1933 foi candidato por este partido nas eleccións xerais, obtendo a candidatura comunista, en Culleredo, unha media de 830 votos, os máis altos de toda a provincia despois da cidade da Coruña. Participou tamén no movemento asociativo labrego da parroquia, tendo algunhas polémicas cos dirixentes da C.N.T.; de feito, acabaron, como xa sinalamos, por controlar a Sociedade Agraria de Castro e Laxe, finalmente expulsada da Confederación. Foi tamén vicepresidente do Sindicato de Albañiles y Ayudantes La Aurora Social da CNT coruñesa. A finais de decembro de 1935 vémolo participando nos debates que a Federación Local Obreira da Coruña celebrou encol das Alianzas Obreiras. En 1936 participa activamente na campaña electoral da Fronte Popular, intervindo en varios mitins. Forma parte da Corporación Municipal de Culleredo da Fronte Popular como 1º tenente de alcalde. Neste ano tamén se legaliza o "Radio Comunista Comarcal de Vilaboa", do que foi nomeado presidente. Durante os días da sublevación militar, participou na defensa da cidade coruñesa, e tamén estivo en Vilaboa con Ramón Maseda, e outros, organizando abastecementos aos que combatían nas rúas da cidade. Consolidado o triunfo fascista, estivo primeiramente agochado, conseguindo fuxir con outros compañeiros de Culleredo e arredores, segundo nos teñen testemuñado, nunha barcaza gasolineira, dende Fonte Culler. En alta mar quedaron sen combustible, e estaban a piques de morrer cando foron salvados por un barco francés. Conseguiu pasar ao bando republicano. Así, encontrámolo como secretario de organización suplente de "Solidariedade Galega Antifeixista", en Barcelona. Tamén aparece unha entrevista con el na publicación "Nueva Galicia", figurando como obreiro da Industria de Guerra, e publica un artigo, "Galicia en América" (Pereira Martínez, 2001a). En agosto de 1939 estaba en Argelès sur Mer (Anónimo, 1939: 6; AAVV: 2001: biografía nº 741). Parece que logo marchou a México.

- Jesús Freire García: De Vilaboa, irmán de Eladio. En agosto de 1939 estaba en Argelès sur Mer (Anónimo, 1939: AAVV, 2001: biografía nº 742).
- Amparo López Jean: Naceu en Vilaboa (Culleredo) o 30 de outubro de 1885. Trasladada dona Adela, a súa nai, como mestra a A Coruña –érao antes en Vilaboa–, Amparo acom-

páñaa. E será unha das primeiras mulleres en cursar o bacharelato na Coruña. Ademais de acabar os estudios de maxisterio na Escola Normal da Coruña, estudiou tamén canto e piano co músico coruñés José Baldomir, actuando en festivais benéficos. Fixo estudios de pintura co profesor, e excelente pintor e gravador, Máximo Ramos, tendo como condiscípulo, entre outros, a Abelenda. Muller de ideas avanzadas, casaría co xornalista e político republicano César Alvajar Diéguez. Tivo a parella cinco fillos: Amparo, Ana María, Francisco Javier, María Teresa e Agustín, que morreu axiña. Politicamente pertenceu ao Partido Galeguista, no que ingresaría o 6 de maio de 1935, colaborando economicamente nas campañas. Foi a primeira muller na Coruña en militar nesa organización política, formando parte do seu Comité Local en 1936. Pero o labor máis importante desenvolveuno na Agrupación Republicana Femenina da Coruña, fundada o 13 de abril de 1933, da que foi primeiro secretaria e, a partir de finais deste ano, ata 1936, presidenta. Acompañou ao seu esposo, César, a Soria, cando este ocupou o cargo de gobernador civil a principios de 1936, despois do triunfo da Fronte Popular. Durante a Guerra Civil, logo de vivir en Madrid e en Valencia, foi secretaria xeral, en Barcelona, do Grupo de Mulleres Galeguistas, e vocal do Comité Executivo do Partido Galeguista, que presidía Ramón Suárez Picallo, colaborando nos comités de axuda aos soldados galegos na fronte de batalla, e ocupándose de grupos de nenos, mesmo logo de iniciar o seu exilio en Francia, separada do seu marido e da súa filla María Teresa, que quedou illada en Barcelona. A parella consigue reagruparse en Calvados (Francia), traballando nunha fábrica de toallas. Alí conseguen reagruparse coas súas fillas María Teresa e Ana María; a outra filla, Amparo, casada co escritor Arturo Cuadrado, marchara exiliada a Arxentina, e o fillo, Francisco Javier, estivo agochado na Coruña. Coa ocupación nazi, a familia é trasladados a Vichy e posteriormente a Montauban. Dende alí partirá a súa filla Ana María para tentar sacar de España ao seu irmán; Amparo, moi avellentada por tanto sufrimento, falecerá en Montauban o 12 de novembro de 1942, sendo soterrada, nun primeiro momento, moi preto da tumba de Manuel Azaña. Mais tarde, por iniciativa da súa filla Amparo, e polas xestións de Francisco Javier, o seu fillo, os seus restos trasladáronse a París, para repousar xunto cos de César Alvajar, no cemiterio parisino de Bagueu (Pereira Martínez, 1997b, 1998b, 2002a, 2002b, 2003).

‣ Muíños: veciño de Rutis, un falanxista, Ruíz, pedíalle cartos para que o deixaran tranquilo; como non llos quixo dar, tivo que fuxir.

‣ Francisco Moscoso: Acompañaba a Muíños. Pegáronlle un tiro.

‣ Fillo de Mejuto, do Burgo: Canteiro de profesión, aparece mencionado polo "topo" que redacta o "Informe Brandariz", dicindo que se encontrara con el, e outros, en Carral (Grandío, 2001: 112).

‣ Irmán de Santiago da "Bellona": Socio do Ateneo de Rutis, era brigada do Exército. Foi degradado e estivo moitos anos preso en campos de concentración, e logo o mandaron a Alemania.

‣ Pai de Santiago da "Bellona" e do anterior: tenente armeiro de Artillería, foi buscado para ser paseado na Costa do Sal, pero salvouse e logo estivo na fronte de Asturias.

‣ Cuñado do falanxista Matilla: era de Castro (Vilaboa). Foi denunciado por Matilla, que prendeu lume á palleira na que estaba agochado cando o viñan buscar, para que o collesen.

‣ Gerardo Puente Malalobos: De Celas. Xuíz municipal de Culleredo durante boa parte da IIª República, e presidente do comité local da ORGA de Culleredo (el é quen proclama a IIª Republica) (Pereira Martínez, 1998c). De familia acomodada (eran chamados "os cubanos" porque fixeran fortuna na illa), incautáronlle numerosos bens, pero parece que conseguiron recuperalos. Dise que era masón.

‣ Manuel Puente Matalobos: De Celas, irmán do anterior. Fora concelleiro da ORGA nos comezos da IIª República (Pereira Martínez, 1998c). Tamén lle incautaron bens, que logo recuperou. Parece que era masón. Gerardo e Manuel eran tíos do que foi o recoñecido pintor galego Rogelio Puente.

‣ Dosinda Vedía Buján: Mestra de Orro, fora da directiva fundadora do "Comité Gallego para la Defensa de la República Española" (Pereira Martínez, 1996). Tivo problemas coa corporación municipal republicana. Foi cesada por dous meses (logo non continúa en Orro), aínda que ela, en escrito datado o 26-12-1936, aparte de comunicarlle a sanción que lle fora imposta, que pensa cumprir, ofrécese a todo, porque "en ningún momento dejé ni dejo de ser sinceramente afecta al Movimiento Salvador de la Patria, iniciado y dirigido por nuestro glorioso Ejército, ni a la Religión Católica, que me honro en profesar y me gusta enseñar a los niños".

‣ Ramiro Tato Aboy: Mestre de Ledoño. Depurado (LVG, 19-3-1937; Garrido Moreira, 2002: 220-225).

- Leopoldo Castro Quintáns: mestre de Almeiras, depurado definitivamente en outubro de 1937 (Garrido Moreira, 2002: 220-225; AMC, Instrucción Pública; LVG, 11-2-1937).
- Francisco Fornés Serra: Mestre do Burgo. Membro da loxa "Renacimiento Masónico nº 18" da Coruña, con nome simbólico Vladimiro, sería detido e multado (Lamela, 2002: 213, 225). Pertencera anteriormente á loxa Lucus nº 5 de Lugo (Santos, 1999: 64).
- Manuel Patiño Pedreira: Na sesión do 28 de xaneiro de 1937 os concelleiros Manuel Otón e Benito Barbeito piden que sexa cesado como recadador municipal "por haber estado afiliado a partidos extremistas del Frente Popular como era público y notorio, y contrario por lo tanto por su conducta anterior al Glorioso Movimiento Nacional", e porque tamén pensaban que funcionaba mal. A proposta é aprobada e acórdase que o recadador deberá presentar as contas. O asunto acabará nos tribunais, e, en sesión de 9-3-1939, infórmase que o Concello gañara o contencioso contra el.
- Jesús Mejuto Vázquez: Nacido na Coruña en 1888, mestre de profesión, en 1921 instálase de mestre en Celas, procedente de Carral e, un ano despois, en Sésamo, onde permanecerá ata 1931. Pero xa vivía no Portádego (Rutis) cando estaba en Carral. Participou no Congreso Pedagóxico de 1936, foi directivo en varias ocasións da "Sociedad Pro-Cultura de Celas" e enfrontouse ao alcalde primorriverista Augusto Seijas, negándose a participar na "Unión Patriótica". A comezos de 1931 abandonando Sésamo, dirixindo pouco despois, en 1932, o xornal El Noroeste, órgano do Partido Radical-Socialista. En 1933 é mestre da escola do Asilo municipal da Coruña. Membro da Agrupación a la Tercera República, destaca nestes anos na política provincial, sendo candidato independente a deputado nas eleccións de 1933, formando parte despois do Partido Republicano Radical Demócrata, un dos fusionados en Unión Republicana, da que chegaría a ser un dos máximos dirixentes galegos. Nestas datas, 1935, colabora coa revista santiaguesa S.E.R. Foi tamén directivo da Liga de los Derechos del Hombre. Membro da masonería, adoptando o nome simbólico de Voluntad, é secretario da loxa coruñesa "Pensamiento y Acción nº 11". En 1936 desfíxose de todos os documentos que podían comprometer aos compañeiros. Foi depurado do seu posto de mestre. Concedéuselle pasaporte en setembro de 1936, saíndo para Cuba, pero durante a Guerra encontrámolo en Madrid, Valencia e Barcelona, cruzando a fronteira francesa en febreiro de 1939. Máis tarde regresará, tras moitas peripecias, a Galicia,

permanecendo entobado, na Coruña, máis de sete anos, morrendo pouco despois (Pereira Martínez, 1996, 1997a, 1997b, 2002a e 2002b).

- Electo Carballo Matos: Naceu o 5-8-1892 no Portádego (Rutis). Rexentará unha coñecida reloxería na Coruña, chegando a viaxar a América. Presidente da sociedade cultural La Verdad de Rutis, en 1910. Destacado orador, membro da ORGA, máis tarde declararase republicano independente. Elixido concelleiro en maio de 1931, en febreiro de 1932 é alcalde de Culleredo, permanecendo no cargo ata marzo de 1936, cando entra a Corporación da Fronte Popular. A súa xestión á fronte do Concello de Culleredo foi fructífera, arranxándose camiños, construíndose fontes, pozos e lavadoiros, ampliándose o alumeado público a varias parroquias, conseguíndose varias escolas novas e buscándose mellores locais e dotacións para as existentes, recuperouse a feira de Peiro, incautouse, para uso civil, o cemiterio de Rutis, etc. Participou nas primeiras tentativas de crear unha mancomunidade de concellos, coa Coruña e Oleiros, para industrializar a zona da ría do Burgo. Asistiu tamén ás xuntanzas de concellos galegos pro-Estatuto, aínda que con polémicas intervencións. Durante o seu mandato, o 10 de agosto de 1934 o presidente da República Española, Niceto Alcalá-Zamora, foi recibido na Casa Consitorial. Logo do seu cese como alcalde, dedicouse a súa vida privada. Coa sublevación militar, queimou moita documentación e libros que gardaba na casa. Faleceu no Portádego o 18-7-1949.

Os multados

Como veremos nesta primeira aproximación, outro medio fundamental de proporcionar recursos económicos ao Réxime fascista –ademais das suscricións, das que xa falamos– serán as multas: desafectos ao Movemento, non colaborar dunha maneira acorde á posición social, infraccións de circulación, por embriagarse, por blasfemar, por escándalo, por facer bailes sen permiso, por usar aguillón na vara, por traballar os festivos, por vender pan, por pechar a deshora, por non colaborar co “Plato único”, por infraccións a Abastos, por non recoller as múltiples insignias (“Auxilio de Invierno”, “Subsidio de las familias de los combatientes”), por non entregar ouro e prata.

Sería moi prolixo facer unha enumeración de todos os multados dos que temos referencias. Incluíremos tan só aos sancionados por “desafectos ao Movemento Nacional”. (Os datos están tomados de *El Ideal Gallego* ou ben de *La Voz de Galicia*, agás onde se especifica outra fonte).

- 14-4-1937: Antonio Fragoso Veira (Sueiro), 2000 pts por desafecto ao Movemento; José Barbeito Ponte (Sueiro), 2000 pts por desafecto ao Movemento; Manuel Presedo Varela (Sueiro), 500 pts por desafecto ao Movemento (vid. tamén Pereira Martínez, 1997ª). Barbeito fora subdelegado civil de Sueiro na primeira Corporación franquista aínda que, poucos meses despois, será cesado (AMC, Libros de Actas, 3-9-1936 e 12-11-1936).
- 22-4-1937: José García Ramallo (Rutis), 2000 pts por desafecto ao Movemento (fora concelleiro de Culleredo coa Fronte Popular e presidente da sociedade de socorros mutuos "La Esperanza" de Rutis); Manuel Candamio Fernández (Rutis), 1000 pts por desafecto ao Movemento.
- 8-5-1937: Manuel Sabio González "Chorín", 2500 pts por desafecto ao Movemento; Manuela González, nai do anterior, 2500 pts por desafecta ao Movemento; Manuel Sabio González, 1000 pts por desafecto ao Movemento.
- 3-6-1937: Daniel Rumbo Pedreira, 500 pts por desafecto ao Movemento; Jesús Parcero Rabuñal, 250 pts por desafecto ao Movemento; Ricardo Patiño Cacheiro, 150 pts por desafecto ao Movemento; Horacio Sánchez Varela, 150 pts por desafecto ao Movemento; Celso Fiaño Taboada, 150 pts por desafecto ao Movemento; Dolores Pravio "La Pasionaria", 1000 pts por desafecta ao Movemento; Fernando Santiso Eiroa (parente de Ángel Senra, primeiro alcalde da Coruña na IIª República), 500 pts por desafecto ao Movemento.
- 3-7-1937: Enrique Santos Ferreiro, de Rutis, 50 pts por desafecto ao Movemento; Florindo Vázquez "Chorín", de Rutis, 100 pts por desafecto ao Movemento; Elvira Lafuente, de Rutis, 20 pts por desafecta ao Movemento; Maximino Trillo Castelo, de Rutis, 500 pts por desafecto ao Movemento; Manuel Lafuente Gómez, de Rutis, 50 pts por desafecto ao Movemento; Ramón Mosquera Raposo, de Rutis, 100 pts por desafecto ao Movemento; Eugenio Caridad, de Rutis (fora presidente do Ateneo de Rutis), 50 pts por desafecto ao Movemento; Manuel Lafuente, de Rutis, 50 pts por desafecto ao Movemento; Manuela Lafuente, de Rutis, 50 pts por desafecta ao Movemento; Horacio Rodríguez López, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Jacinto Vázquez Martínez, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Antonio Rumbo Cereizo, de Rutis, 500 pts por desafecto ao Movemento; Juan Barreiro Mañana, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Manuel Rumbo Regueira, de Rutis, 300 pts por desafecto ao Movemento (fora presidente, en 1923,

de "La Esperanza", sociedade de socorros mutuos de Rutis); Antonio Rumbo Veira, de Rutis, 100 pts por desafecto ao Movemento; Bartolomé García Bregua, de Rutis, 500 pts por desafecto ao Movemento; Vicente Ramallo Naya, de Rutis, 250 pts por desafecto ao Movemento; Andrés Brañas Barbeito, de Rutis, 100 pts por desafecto ao Movemento; Ricardo Muíños Gestal, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Manuel Blanco Galán, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Andrés Candamio García, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Juan García Fernández, de Rutis, 100 pts por desafecto ao Movemento; Jesús Rey Carbón, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Manuel Brañas Barbeito, de Rutis, 25 pts por desafecto ao Movemento; Joaquín García Naya, de Rutis, 75 pts por desafecto ao Movemento.

- 12-8-1937: Isolino Patiño Calviño, de Sésamo, 500 pts por desafecto ao Movemento; Manuel Fariña Campelo, de Celas, 1000 pts por desafecto ao Movemento (vid. tamén Pereira Martínez, 1997a).

No ano 1943 encontramos unha referencia aos "batallones de trabajadores". Así, o 25-3-1943, Manuel Fernández García (Culleredo) é multado pola Fiscalía de Taxas con 3000 pts e 3 meses en "batallón de trabajadores" por venda de sulfato de cobre a prezos abusivos.

Outros

- 2-3-1938: Oficio do alcalde de Culleredo ao negociado de incautación, sobre inmobles propiedade de Victorino Veiga, sito en Rutis (era o deputado de IR) (ARG, GC, L-4914).
- 3-10-1938: O alcalde contesta escrito de 13 de setembro referente ao cumprimento do disposto sobre descanso dominical e días festivos, denunciando como infractores a Juan Maceiras, Andrés Gómez e outros (ARG, GC, L-4914).
- 5-1-1939: O xefe local de milicias de Culleredo avisa a "Orden Público" que varios obreiros do ramo da construcción pensan abandonar o traballo o día 6 para protestar pola supresión da semana de 44 horas. Remítese o informe a Comisaría.
- 31-3-1939: A Garda Civil de Sigrás informa sobre Manuela Ferro Collazo, de Fonteculler (ARG, GC, L-4914).420-1-1940: O xefe local de FET remite a O.P. un oficio contestando sobre traballo nunha obra.
- 23-2-1940: O crego de Almeiras denuncia a varios veciños por traballar o xoves e venres santo.

Algunhas persoas seguiron controladas durante moitos años. O Concello tiña un Libro de Informes de Conducta no cal figuraban todos os veciños cunha cualificación. No do ano 1946, por exemplo, figura Manuel Candamio Fernández, 66, labrador, de Rutis (concelleiro na República e preso en súas ocasións) con esta calificación: "Aunque de ideas tendencia izquierdista, observa buena conducta".

O control das sociedades

As incautacións

Sociedad Agrícola de Rutis (Culleredo): Probablemente da CNT. Incautáronlle a conta corrente, que tiña 185,75 pta. (Ministerio de Xustiza. Comisión Calificadora Administrativa de Bens Incautados. Data: 11-11-1939: dato facilitado por Dionisio Pereira).

Sociedad Arenera (Burgo): Probablemente da CNT. Conta Corrente (70,85 pta) Mesma fonte e data.

A clausura dos locais

A mediados de agosto informara a prensa que se decretara a clausura de centros obreiros, Ateneos, etc., de inspiración socialista, comunista, sindicalista, anarquista. Incautaríase o material e queimaríanse os libros perniciosos e pornográficos. Isto debeulle pasar ao Ateneo de Rutis, porque, logo dalgún contacto co presidente, que era Ernesto Santiso Rodríguez (un célebre dirixente libertario coruñés que logo de pasaría á Falanxe) Jorge Bermúdez de Castro remite o 5 de setembro, ao gobernador civil, toda a documentación do Ateneo (Pereira Martínez, 2001a).

Informes sobre directivos de asociacións

"La Nueva", de Castelo:

- 30-1-1940: Informe da Garda Civil de Sigrás sobre directivos da sociedade de gando "La Nueva" de Castelo. Di que Inocencio Martínez, Manuel García, Santiago Trigo Reboredo, Manuel Álvarez Linares, Miguel Reboredo Pose e José Domínguez foran de esquerdas, pero tiñan boa conducta.
- 24-1-1941: Outro informe da Garda Civil de Sigrás sobre directivos desta asociación "La Nueva" de Castelo. Todos son afectos ao Movemento e ningún militara anteriormente (que se soubese), ¡mesmo dous dos que antes aparecían como de esquerdas! (ARG, GC, G-2456).

"La Unión", de Castelo:

- 23-2-1940: Informe da Garda Civil sobre directivos de "La Unión", de Castelo. Todos afectos ao Movemento e boa

conducta; Ramón López Fero é calificado de esquerdas, non interviu no movemento e con boa conducta (ARG, GC, G-2427).

"El Progreso", de Vilaboa:

- 3-2-1940: Informe da Garda Civil sobre directivos da sociedade de gando vacún "El Progreso" de Vilaboa.
- Arcadio Carro Gestal: Presidente da sociedade. "Fué detenido en los primeros días de iniciarse el Glorioso Movimiento nacional por ser de ideas izquierdistas y creérsele complicado en actuaciones contrarias al mismo, no habiéndosele podido comprobar cosa que le perjudicara, fué puesto en libertad a los pocos días, y actuó en partidos de izquierda como simple socio, asegurándose fué por tener que trabajar en esta capital, siendo de buena conducta y orden". Veremos máis adiante o papel que xogou na reconstrucción do PCE en Culleredo no franquismo.
- José Iglesias Fraga: de esquerdas, aínda que "nada se sabe que pudiera perjudicarlo".
- Jesús Suárez: Tesoureiro da sociedade. "Mala conducta, pertenección a izquierdas, afecto al nefasto Frente Popular CNT".
- José Cotelo: de esquerdas, boa conducta.

Mándase cesar a Suárez. Así o fai a Directiva (ARG, GC, G-2427).

"La Unión", de Sueiro:

- 23-2-1940: Informe da Garda Civil sobre directivos da sociedade de socorros de gando vacún de Sueiro "La Unión". Rogelio Cacheiro Gianzo fora de esquerdas, tiña boa conducta e non se metera en nada no Movemento.
- 2-1-1941: Informe do Concello sobre directivos de "La Unión de Sueiro". O alcalde de barrio de Sueiro, Manuel Gómez Rama, asistira á xuntanza como delegado da alcaldía, manifestando no seu informe que fora elexido secretario Ángel Manteiga, "antiguo propagandista de izquierdas y ex-secretario de la Agraria de dicha parroquia de Sueiro".
- 25-3-1942: Informe da Garda Civil sobre directivos de "La Unión" de Sueiro.
- Jesús Martínez Martínez: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.
- Rogelio Cacheiro Gianzo: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.
- Manuel Reboredo: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.

- Pedro García Candamio: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.
- Benito Pan Calvete: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.
- José Manteiga García: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.
- José Gómez Ventureira: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.
- Juan Pan Porto: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.
- Ángel Martínez Manteiga: de esquerdas, sen actuación, boa conducta.

Curiosamente, algúns deles eran cualificados como persoas de dereitas dous anos antes (ARG, GC, G-2758).Pereira Martínez, 1997a: 82-83).

"Sociedad de seguros mutuos de ganado vacuno del Burgo y Temple":

- 12-3-1941: Informe sobre directivos da sociedade de seguros mutuos de gando vacún do Burgo e Temple: Rogelio Fernández Longueira e Celso Fiaño Taboada foran de esquerdas, pero tiñan boa conducta, e Antonio Picado Ansede "se dice pertenecía a una sociedad izquierdista en Teijeiro, de donde es natural, en la actualidad pertenece a Falange" (AGR, GC, G-2427).

"La Unión Ganadera", de Celas:

- 1943: Informe da Falanxe sobre directivos. Emilio Seijas Añón, de 25 anos, é cualificado como simpatizante de esquerdas, sen militar (ARG, G-2758)

Tempos de clandestinidade

A reorganización do PCE

Mencionamos anteriormente a existencia dun importante núcleo comunista en Vilaboa, con ramificacións noutras parroquias cullerdenses. O seu dirixente máis destacado era Eladio Freire, de que fixemos antes unha reseña biográfica. Do resto dese grupo, Arcadio Carro Gestal, veciño da Corveira (Rutis), foi detido nos primeiros días da sublevación, pero posto en liberdade. Posteriormente, por medo a ser paseado, estivo agochado dous ou tres anos. Primeiro durmía na ría do Burgo, debaixo dunha lancha, e logo pernoctaba nun cabazo da casa do primeiro alcalde franquista de Culleredo, Jorge Bermúdez de Castro. Nesta época, sufrirá o ataque

a tiros duns "paseadores –un deles era dos Piñons de Vilaboa, falanxistas–, salvándose gracias á altura da muralla da finca.

O mesmo aconteceulle a Jesús Suárez Váquez, tamén veciño da Corveira (Rutis), que estivo agochado con Arcadio Carro e ao que tamén dispararon. Fora cofundador do "Club Obrero" da Corveira (Rutis) e concelleiro de Culleredo coa Fronte Popular.

En el año 1943 existe un grupo comunista estable na Coruña (ese mesmo ano caeran outros) do que formaban parte Julio San Isidro, Gervasio García, Leonor Marta Mallo, e outros homes e mulleres. Consiguen afiliar a varias traballadoras da fábrica de Senra. Logran facerse cunha multicopista e unha máquina de escribir, que, para desvincular o aparato de propaganda do resto da organización, esconden cerca de Vilaboa, nunha finca dun irmán de Leonor (Álvarez, 1990: 70; Santidrián, 2002: 274-275).

Antes da caída de abril de 1947 había células en Vilaboa, San Pedro, e na fábrica de Armas.

Nesta fábrica, en 1946, crease un grupo do PCE no que militaba José Otero González. Con motivo dunhas protestas sobre as vivendas dos traballadores da empresa, Lisardo Núñez Lamas puxo en contacto a José Otero cun "asesor laboral", que resultou ser Alejandro Gama Casalderrey. A partir deste momento organízase unha célula encargada de sacar armas defectuosas da fábrica, escamotear munición e proporcionar información sobre armamento. En xaneiro de 1947 a policía deu coa célula. Entre finais de 1946 e principios de 1947 caerán 56 persoas (Santidrián, 2002: 292; Pereira Martínez, 1998d).

O 30 de xullo de 1947 celébrase un xuízo no salón de actros da Agrupación de Sanidad Militar, contra 56 persoas. Destes, eran veciños de Culleredo, que saibamos, Ramón Seoane Suárez (albanel de profesión, tiña 30 anos), Darío Caramés Bermúdez, Antonio Naya Regueira, Francisco Andrés Pol Loriga (nacido ca. 1913) José Pol Loriga (irmán do anterior), Arcadio Carro Gestal (todos estes de Vilaboa (Rutis) e Lisardo Núñez Lamas, de Almeiras. Son acusados da organización de células, de repartir periódicos clandestinos como "Mundo Obrero", "El Guerrillero" ou "Galicia"; de labores de captación e cotización para o PCE e outras organizacións, de estar en relación coas partidas de guerrilleiros. Infiltráranse na Fábrica de Armas. Os principais acusados eran Ramón Seoane Suárez (secretario sindical), Alejandro Gama Casalderrey e Rogelio González Suárez, que formaban o Comité Provincial do PCE (os dous últimos eran de Pontevedra). Para estos tres o fiscal pediu a pena de morte. Rebaixou a petición de penas, que fixera anteriormente, para Arcadio Carro, Antonio Naya e José Pol Loriga. O descubrimento destas actividades fixérase pola

policía xa a finais de 1946 (Heine, 1982: 185; *La Voz de Galicia*, 31-7-1947; Santidrián, 2002: 292).

En notas que nos facilitou Luis Lamela, Francisco Andrés Pol Loriga sería encausado de novo na 874/49, o 9 de marzo de 1949. Tan pronto quedou libre, exiliouse a Arxentina.

A esposa de Arcadio Carro sería tamén encarcerada, e raparíanlle o pelo ao cero.

Respecto de Ramón Seoane Suárez, nun artigo publicado hai un ano (Alonso Montero, 2002), infórmasenos que, entre as pertenzas que lle colleron ao ser detido, había un poema, titulado "Música de la Tepatía" cuxa letra, apoiada na música da célebre canción de Jorge Negrete "Jalisco", dicía, nalgunhas estrofas:

Ay, qué orgullo que tengo de ser guerrillero,
de ser camarada de los guerrilleros,
que están en el monte y entregan su vida
para liberarnos de la tiranía.
¡Salud, guerrilleros [...]!

Estes nomes coinciden practicamente cos que nos transmitiron diversos informantes, familiares dalgúns dos procesados; só faltaría un irmán de Darío Caramés. E unha irmá deles, Armonía Caramés, marcharía aos EEUU, onde sería sindicalista en Nova Iorque. Alí comezaría a poñer en marcha unha cadea para axudar a marchar de Culleredo a outras persoas: ela pagoulle a pasaxe a unha, e esta, logo de chegar a América, tiña que facilitarlle os cartos a outra para tamén poder saír, e así sucesivamente. Un dos que formou parte desta cadea foi Manuel Abeleira, un simpatizante da CNT de Vilaboa que fora presidente do equipo de fútbol "Celta de Rutis", e que se instalaría en Venezuela. Morrería traxicamente en 1973, coa súa esposa, no célebre accidente de aviación en Montrove (Oleiros) cando regresaba definitivamente do país sudamericano: só faltaban un par de minutos para que o avión aterrase no aeroporto cullerdense de Alvedro.

Lisardo Núñez Lamas estaría preso en Burgos. Recibiría, segundo nos testemuñaron familiares del, moitas palizas, e tivo que deixar a Fábrica de Armas. Exiliaríase a Arxentina.

A finais dos anos 40 haberá comunistas no Burgo ou en Alvedro (Santidrián, 2002: 306).

A reorganización da CNT

Destacadísimo papel na reorganización da CNT non só na comarca coruñesa senón en toda Galicia xogará Fernando López Mantiñán. Nacido no Portádego en 1909, será detido a raíz da

fuxida do monte de San Pedro (A Coruña) en marzo de 1937; era carpinteiro e estaba solteiro (*El Ideal Gallego*, 9-3-1937). Foi condenado a 30 anos de prisión (García Durán, 2001: 94-96, 114, 119-128). Cando en febreiro de 1942 vén á Coruña Manuel Fernández para visitar a cenetistas, soubo que se estaba reorganizando o Comité da Federación Local da Coruña arredor de Fernando López Mantiñán, que acababa de saír da cadea –xunto con Mario Fernández Granell–, Francisco Carballo Pérez, Manuel Vázquez Sampaio e outros. Cando regresou á Coruña, logo de saír en liberdade, García Durán contacta con Fernando, que o convoca para o Comité Rexional. Este Comité se reorganiza na primeira semana de xuño de 1943, celebrándose pouco despois un Pleno Rexional. Estes núcleos cenetistas axudaban a presos e fuxidos (Heine, 1982: 95; Pereira González, 1998: 237-245). Co desmantelamento parcial da CNT coruñesa, en 1945, Fernando López Mantiñán, membro do Comité Rexional, que mesmo se ocupa de misións con relación co Comité Nacional, e a casa do cal vixía a policía, ten que fuxir, o mesmo que fai García Durán, porque deran os seus nomes á policia dicindo que eran os responsables da organización da CNT. Hai unha requisitoria publicada no BOP da provincia da Coruña do 24-11-1945 no que o buscan a el e a Juan García Durán (Heine, 1982: 143). Fernando López Mantiñán exiliaríase a Australia; García Durán permanecería agochado varios meses nunha casa labrega na parroquia cullerdense de Celas de Peiro; logo de posteriores vicisitudes, acabará tamén en Australia onde, a comezos dos 50, se rencontra con López Mantiñán. (García Durán, 2001: 12).

Algúns apuntamentos sobre Culleredo e a Guerrilla

1945: Manuel Ramiro Souto: Naceu en Ombre (Almeiras) en 1925. Era albanel de profesión. En 1945 pertencía ao grupo voante A da IV Agrupación do Exército Guerrilleiro, que actuaba nas Mariñas. Tiñan unha base en San Pedro de Nós, indo cara á igrexa (Heine, 1982: 127; Serrano, 2002: 159).

Luis Lamela facilitounos unha notas que nos informan que, o 2 de xuño de 1952, cando descansaban nunha casa coñecida como "de Lino", no lugar de Igrexa-Visantoña, mercé a unha confidencia recibida a Garda Civil de Ordes, ao mando do brigada-comandante Gerardo Lobeira González, con forzas do destacamento de Vizoño, cercou, de madrugada, a Manuel, ao que alcumaban "Souto", que estaba acompañado doutros dous guerrilleiros, José Galán Núñez, alcumado "Dereito" e "Miguel", e Juan Couto Sanjurjo. Os tres guerrilleiros estaban refuxiados nunhas cortes situadas na parte posterior da vivenda. Rodeada a casa, e tapadas todas as posibles saídas, foron conminados a rendérense, sen recibiren resposta.

Entón, a Garda Civil lanzoulles unha bomba de man, momento no cal os guerrilleiros abriron fogo, sendo respondido polos gardas. De novo os guerrilleiros tentan unha fuxida, de novo repítese o tiroteo, de novo se lles pide que se entreguen, pero ninguén resposta. Pouco despois preséntanse dous familiares de Juan Couto, aos que a Garda Civil mandara vir, para parlamentar. Despois dun breve diálogo, entrégase Couto. Pouco despois, compróbase que Ramiro Souto e José Galán xacían mortos a consecuencia das feridas de metralla e balas. Ramiro Souto portaba unha pistola "Star" calibre 9 mm nº 93765, con catro balas no cargador, outra pistola "Francery Patent", calibre 7, 65 mm e sete balas no cargador, unha bolsa con oito cartuchos desta pistola e 33 da de 9 mm, varias fotografías de dirixentes marxistas e obxectos de aseo persoal.

Este grupo levaba actuando pola zona dende comezos de 1946.

1947, xaneiro: Nunha ciada da Garda Civil en Vilaboa (Culleredo), un guerrilleiro resulta morto e outro ferido (Máiz, 1988: 265). Non encontramos na prensa ningunha referencia a este episodio.

1948: Un dos que axudaban aos guerrilleiros nas zonas rurais era o párroco de Santiago de Castelo. Estaba en contacto con Ramón Ponte, irmán do xa desaparecido nese momento Manuel Ponte Pedreira. Foi detido (*El Ideal Gallego*, 5-11-1948; Heine, 1982: 142).

1948: Rosendo Sar: De Almeiras, incorpórase nesta ano á guerrilla, ao destacamento "Manuel Bello". Críase que o matara a Garda Civil en 1951 (Máiz, 1998: 183), logo de que un veciño de Mande de Bascoi informase do lugar onde se agochaba, enfermo; "Foucellas" comenta nas súas declaracións que, estando ceando na casa dun veciño de Mande de Bascoi, Antonio Sánchez, Rosendo Sar encontrábase enfermo, e o fillo do citado Antonio, Manuel, cunha manta que lle facilitaron, levou a Rosendo a un monte para agochalo, e ao cal lle levarían comida nos dous días que pensaba estar alí. Denunciado á Garda Civil, parece que Rosendo foi avisado; cando "Foucellas" e o mencionado Manuel foron ao monte para ver de encontralo, non apareceu (Lamela, 1993: 148-149). Unha testemuña que o coñeceu, familiar de guerrilleiros, pensa que debeu entregarse, e aínda o visitou en Almeiras (Culleredo) a principios dos anos 80.

A finais de 1948, como vimos, aparece formando parte do grupo capitaneado por "Riqueche", e é citado por "Foucellas" como un dos guerrilleiros que acompañan ao anterior, e a el mesmo, a Paderne, a casa de Antonio Díaz Novo, para esixirlle a

entrega de 60.000 pts. Ante a afirmación de Díaz de que non dispuña do diñeiro, "Riqueche" ordena que aforquen ao mencionado Díaz e a Manuel Vidal Maceiras, que se vira obrigado a acompañar aos guerrilleiros ata a casa de Díaz. "Foucellas" manifestará en 1952 que os salvou, por consideralos inocentes, disparando contra as cordas (Lamela, 1993: 120-121). Tamén menciona "Foucellas" que soubera por Riqueche, Rosendo e outros guerrilleiros que lle fora imposta unha multa de 100.000 pts ao veciño de Betanzos Manuel Vicaría que parece que vendeu un monte de pinos para pagar a multa, e, nunha entrevista que mantivo persoalmente con Riqueche, Rosendo e outros, pagou 30.000 pts. Tamén declara "Foucellas" que lle comentara Riqueche que a un tal Manuel Núñez Cortés, "Jerónimo de Souto", lle impuxeran unha multa de 50.000 pts, e que o citado Manuel Núñez entrou a Riqueche, Rosendo e outros guerrilleiros entre catro e cinco mil pesetas, facéndose logo varias entregas (Lamela, 1993: 149). Obviamente, se Rosendo Sar formaba parte do grupo de "Riqueche" participaría no resto das súas accións.

18-10-1948: Cae en Tarrío (Culleredo) o guerrilleiro Manuel Pose Naya, natural e veciño de Toroño (Culleredo). Foi nunha ciada da Garda Civil; viñan de recoller unha multa (Heine, 1982: 239). Ao parecer, o día 13 de outubro, nunha acción, conseguiron 6000 pts, pero, como querían máis, quedaron para outro día para recoller o resto. Informada a Garda Civil, preparou unha ciada. O día 18 un guerrilleiro foi recoller o que faltaba (50000 pts). Houbo un tiroteo e morreu Manuel. Ocupóuselle unha pistola calibre 7,65 (*El Ideal Gallego*, 20-10-1948).

3-3-1950: Cae en Ledoño (Culleredo) Andrés Varela Rumbo (Heine, 1982: 247).

De testemuñas orais, tomamos os seguintes datos:

- En Vilaboa, os falanxistas Rogelio Brañas e outro alcumado "Carilla", que era músico, colleron a un guerrilleiro.
- Manteiga, alcumado "O Faballón", da Laxe (Rutis). Dise que estivo na guerrilla. Os guerrilleiros agochábanse nunha casa no Portádego (Rutis) –xa desaparecida–; unha vivenda grande que estaba ao lado de onde radicou o bar do equipo de fútbol hai uns anos. Con el tamén estaba outro guerrilleiro da parroquia, de nome Aurelio Blanco. Tamén outro dos irmáns Naya (probablemente Antonio) andaba agochado, colaborando coa guerrilla. Estivo preso. Estaba moi relacionado cun comandante do exército que fuxira do "castillo" (¿de San Antón?) e que preparaba propaganda na imprenta de Artillería; este militar fuxira, xunto co "Faballón", e con Aurelio, pola bahía.

Outros informantes din que tamén tiñan agochadas armas no faiado da rectoral de Rutis.

- En Celas de Peiro mataron a un guerilleiro e o enterraron no monte cun cartel que dicía “por traidor”.
- Manuel Riobóo, veciño de Almeiras, foi acusado de axudar á guerrilla, e fuxiu, residindo na Arxentina. Anos máis tarde regresaría.
- Había xente de Celas que dicían que eran “do Foucellas”, roubando ou pedindo diñeiro, que había que deixar nun lugar estipulado. Roubáronlle a Gumersindo, de Orro e a Lamelas, de Celas, entre outros.
- Un home de San Pedro de Nós, casado en Alvedro (Culleredo), foi guerrilleiro e o mataron.

Fontes bibliográgicas

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (A CORUÑA)
Fondo Goberno Civil da Coruña: L-4914, L- 4964, L-5099, L-5124, G-2156, G-2496, G-2557, G-2872, G-3641.
ARQUIVO MUNICIPAL DE CULLEREDO.
Libros de Actas das sesións da Corporación Municipal (1931-1939)
Instrucción Pública.

REXISTRO CIVIL DE CULLEREDO.
Libros de Defuncións.

BIBLIOTECA DE ESTUDIOS LOCAIS DA CORUÑA.
La Voz de Galicia (1931-1936)

BIBLIOTECA “MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS” DE CULLEREDO.
La Voz de Galicia (1936-1949)
El Ideal Gallego (1936-1949)

Entrevistas persoais con testemuñas da época e familiares de represaliados.

Bibliografía

AAVV (1997). *Nueva Galicia*, ed. facs., Edicións do Castro, Sada.

AAVV (2001): *O Exilio Galego*, Consello da Cultura Galega, edición en Cd-rom.

ALONSO MONTERO, XESÚS (2002): “Jorge Negrete coa guerrilla galega”, *La Voz de Galicia*, 2-10-2002.

ÁLVAREZ, SANTIAGO (1990): *Memorias, III*, Ed. do Castro, Sada.

ANÓNIMO (1939): "Lista de Refugiados: La Coruña", *Galicia*, XVII: 635 (12-8-1939).

FERNÁNDEZ SANTANDER, CARLOS (2000): *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia* (1936-1939), 2 vols., Edicións do Castro, Sada.

GARCÍA DURÁN, JUAN (2001): *Pola liberdade. A loita antifranquista de Luís Costa*, A Nosa Terra, Vigo.

GARRIDO MOREIRA, EMILIO (2002): *Víctor Fraiz. Vida e asasinato dun mestre exemplar*, Fundación Luis Tilve, A Coruña.

GRANDÍO SEOANE, EMILIO (2001): *Vixiancia e represión na Galicia da Guerra Civil. O "Informe Brandariz"* (A Coruña, 1937), Edicións do Castro, Sada.

HEINE, HARMUT (1982): *A guerrilla antifranquista en Galicia*, 2ª ed., Xerais, Vigo.

LAMELA GARCÍA, LUIS (1993): "*Foucellas". El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)*, 4ª ed., Edicións do Castro, Sada.

LAMELA GARCÍA, LUIS (1998): *Estampas de injusticia. La guerra civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represió*n, Edicións do Castro, Sada.

LAMELA GARCÍA, LUIS (2002): *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión,* Edicións do Castro, Sada.

MÁIZ VÁZQUEZ, BERNARDO (1988): *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo*, Edicións Xerais, Vigo.

PEREIRA GONZÁLEZ, DIONISIO (1998): *Sindicalistas e rebeldes*, A Nosa Terra, Vigo.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (1996): "O asociacionismo en Culleredo na II República", *Anuario Brigantino*, 19, Betanzos.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (1997a): *Historia das parroquias de Sésamo e Sueiro*, A Coruña.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (1997b): "A oposición ao Estatuto de Autonomía na Coruña da IIª República: a Agrupación "A la Tercera República", *Anuario Brigantino*, 20.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (1998a): *O que fixeron en Galicia. 1936*, A Nosa Terra, Vigo.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (1998b): "Mulleres e República. Aproximación ao asociacionismo progresista femenino na Coruña da II República", *Anuario Brigantino*, 21.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (1998c): "A proclamación da II República en Culleredo", *Esculca*, 5, pp: 92-97.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (1998d): *Fábrica de Armas de A Coruña. Seis décadas de historia*, Empresa Nacional Santa Bárbara-Concello da Coruña, A Coruña.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (2001a): *A Cultura en Culleredo na IIª República: o "Ateneo de la Villa de Rutis"*, Ateneo Libertario Ricardo Mella, Santiago.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (2001b): "Manuel Lastres Abente, un alcalde republicano de Culleredo", *Revista das festas de Vilaboa*, Vilaboa.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (2002a): Miradoiro da Ría. Artigos en El Metropolitano e El Entorno Metropolitano, ed. autor. A Coruña.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (2002b): "César Alvajar Diéguez e o republicanismo galego en Europa", *Anuario Brigantino*, 25.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS (2003): "Amparo López Jean, unha ilustre cullerdense", *Esculca*, 10.

PEREIRA MARTÍNEZ, CARLOS E ANA ROMERO MASIÁ (2003): *Germinal. Centro de Estudios Sociais. Cultura Obreira na Coruña (1902-1936)*, Briga Edicións, Betanzos.

SANTIDRIÁN ARIAS, VÍCTOR MANUEL (2002): *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Edicións do Castro, Sada.

SANTOS ALFONSO, ALFONSO (1999): *La sublevación militar de 1936 en Lugo*, Edicións do Castro, Sada.

SERRANO, SECUNDINO: *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Ediciones Temas de Hoy, Barcelona, 2002: 159).